



## DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

- Recibir a formación nos cursos derivados desta orde de forma totalmente gratuíta.
- Percibir as axudas, se é desempregado/a inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia, a que teñan dereito segundo a Orde do 24 de outubro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a concesión de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes ao exercicio de 2022 e 2023. (DOG núm. 206, do 28 de outubro de 2022).
- Recibir algún dos seguintes documentos:
  - Un **diploma oficial**, nos casos e cos requisitos establecidos segundo o curso sexa ou non modulado.
  - Unha **certificación** polas horas e módulos a que asistisen, cando o soliciten aqueles alumnos e alumnas que non teñan dereito a diploma.
- Utilizar todo o material e os medios tecnolóxicos necesarios para adquirir unha completa formación práctica.
- Estar exentos da realización dos módulos transversais nos casos e condicións establecidos.
- No momento da realización da proba e cando se trate de cursos de especialidades formativas correspondentes a novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, os alumnos e alumnas terán a obriga de presentar copia da documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso. No seu caso tamén deben presentar a documentación para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais.
- Asistir e seguir con aproveitamento os Cursos, asinar os controis de asistencia, rexistrar a súa entrada e saída do Curso no sistema de control biométrico e facilitar a documentación que lles sexa solicitada pola entidade impartidora dentro dos 3 primeiros días lectivos ou dos tres primeiros días desde a súa incorporación ó Curso.



- Non asistir, en ningún caso, a outro curso simultaneamente que estea incluído na programación de formación profesional para o emprego financiada con fondos públicos.
- Será causa de exclusión incorrer nun número de faltas de asistencia non xustificadas superior a dez horas ao mes ou non seguir o curso con aproveitamento segundo criterio do seu responsable.
- Presentar no centro colaborador os xustificantes das súas faltas de asistencia mediante documentos ou calquera outro medio que acredite, de modo que faga fe, o motivo da non asistencia no prazo de 3 días hábiles desde que se produzan. Se non se presentan nese prazo, a falta será considerada sen xustificar.
- Igualmente será causa de exclusión incorrer en sete incumprimentos horarios nun mes sen xustificación. Enténdese por incumprimento horario cando sen causa xustificada, a suma dos minutos de atraso na hora de entrada, da saída con antelación e das ausencias durante parte das horas lectivas, sexa superior a 15 minutos por cada día lectivo.
- As faltas de asistencia por actividade laboral, cun máximo de 25 horas ao mes, xustificaranse cunha copia do contrato de traballo e a acreditación documental suficiente de superposición do horario laboral co horario lectivo.
- Non realizar de novo calquera módulo transversal da Dirección Xeral de Emprego e Formación cando conste na aplicación informática SIFO ou, de non constar, o xustifiquen documentalmente.
- Non realizar de novo os módulos formativos integrantes dunha especialidade formativa vencellada a un novo certificado de profesionalidade que xa tivesen cursados con aproveitamento.
- Solicitar as axudas no prazo dun mes desde a súa incorporación, ou desde que teña lugar o feito causante. A non formalización en tempo e forma desta solicitude dará lugar á perda do dereito á axuda.
- Comunicar calquera cambio que afecte ás circunstancias que deron lugar ao recoñecemento das distintas axudas.



- Mediante resolución da persoa titular da Xefatura Territorial correspondente, as persoas alumnas, logo de audiencia, poderán ser excluídas das accións formativas, por petición das entidades de formación, cando non sigan con aproveitamento a acción formativa ou dificulten o seu normal desenvolvemento.